

ACTA

En Arzúa, a 14 de xullo de 2017.

Sendo as 10.20 horas, na nave destinada a mantemento, dentro do recinto da feira de gando, reúnen os membros integrantes da Comisión Seleccionadora, que cualificará **o exercicio de carácter práctico** do proceso de selección, polo sistema de oposición, convocado para poder seleccionar a dúas persoas que serán contratadas para desempeñar os postos de traballo de **operario de servizos varios**, na modalidade de **contrato eventual por circunstancias da produción**, cunha xornada laboral de trinta e sete horas e media, por un período de duración de seis meses, para realizar as funcións previstas na Base Terceira das que rixen a oposición; cuxas Bases foron aprobadas por decreto do alcalde de data 5 de maio de 2017.

Asisten a este acto os seguintes integrantes da Comisión Seleccionadora:

- Presidente: D. Luís Fole Barrio (*arquitecto técnico do Concello de Arzúa*).
- Vogais:
 - D. Ramón Vereá Castelo (*encargado do servizo de mantemento do Concello de Arzúa*).
 - D. Jesús Rúa Taboada (*conductor e operario de servizos varios do Concello de Arzúa*).
- Secretario: Juan Colmenares López-Soldado (*secretario do Concello de Arzúa*).

E visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución da Comisión Seleccionadora, --de conformidade co disposto no artigo 17 nº 2, da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público-, o presidente procedeu a declarar constituída dita Comisión, co obxecto de levar a cabo a realización do segundo exercicio dos dous de que consta a oposición, cuxo exercicio consistirá en realizar un suposto práctico, relacionado coas funcións propias do posto de traballo.

Para o cal, con anterioridade ao comezo deste exercicio, polo presidente e polos vogais da Comisión Seleccionadora, decidiuse que o exercicio práctico -previsto para o día de hoxe- tivera dúas partes diferenciadas:

1) Unha, consistente en cambiar o fío do cabezal dunha desbrozadora, nun tempo máximo de 5 minutos; valorando:

- a) Nun máximo de 2 puntos.- O cambio correcto do fío.
- b) Nun máximo de 3 puntos.- Aquel aspirante que realice o cambio de fío no menor tempo. (De maneira que o resto de aspirantes serían valorados de forma proporcional).

2) Outra, relacionada coa recollida selectiva de residuos sólidos, consistente en depositar -no contedor axeitado para iso e nun prazo máximo de 5 minutos- os seguintes materiais: un maceteiro vacío, un molde de tartas de silicona, unha espátula de cociña, un espello enmarcado nunha moldura de plástico e diversos anacos de papel sucio.

Para o cal se colocaron sobre unha mesa cinco carteis coa indicación correspondente do tipo de contedor en que debía depositarse cada obxecto descrito, coa finalidade de ser colocados eses obxecto xunto ao contedor (neste caso cartel) no que terían que depositarse.

- Contedor amarelo: plásticos e latas.
- Contedor azul: papel e cartón.

- Contedor “iglú” verde: vidro
- Contedor gris ou verde: orgánico.

Tendo considerado que ambas tarefas se realizasen sobre dúas mesas, respectivamente, que se colocaron para iso dentro da nave, en cuxas mesas se deixaron tanto o cabezal da desbrozadora que deberíase desmontado, coa idea de sacar o fío e volvelo a poñer correctamente, como os materiais de desfeito que terían que ser depositadas nos contedores (simulados) que se supoñen colocados sobre unha desas dúas mesas.

Concretado o cal, procedeuse a chamar -dende as 10,30 horas ata as 11,30 horas- aos nove aspirantes que compareceron a realizar este exercicio práctico, seguindo para elo a mesma orde que o da presentación das súas solicitudes no Rexistro Xeral do Concello.

E así, a cada un dos nove aspirantes, tan pronto compareceron ante a Comisión Seleccionadora, xunto ás mesas indicadas, foiselles indicando como terían que realizar este exercicio práctico; facéndolles saber tamén -tal como se indica na Base Undécima das que rexen o proceso de selección- que quedarían eliminados aqueles aspirantes que non alcanzasen unha puntuación total de 5 puntos (sobre 10 posibles) na valoración deste exercicio.

Faise constar que, a Comisión Seleccionadora foi valorando os exercicios que sucesivamente se foron realizando; outorgando aos nove aspirantes as seguintes puntuacións:

Aspirantes	Puntuacion proba práctica
Asunción Crego Alario	1
Antonio Carreira López	1
Luis López Sánchez	0
José Ignacio Vázquez Villares	7
David Seijo Sánchez	9,32
José Luis Vázquez Astray	10
José Manuel Iglesias Pampín	0
Daniel Segade Varela	3
Diego Gómez Naveiras	7,52

En consecuencia con todo o exposto, a Comisión Seleccionadora -por unanimidade dos catro membros asistentes- adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.- Ratificar as puntuacións que quedaron indicadas para cada un dos nove aspirantes presentados, e publicar no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello unha copia da acta extendida desta reunión, para que os interesados poidan coñecer cáles foron as puntuacións obtidas neste segundo exercicio, de carácter práctico, da oposición.

Segundo.- Facer saber aos cinco aspirantes que non obtiveron unha puntuación mínima de 5 puntos, sobre 10 posibles, (Asunción Crego Alario, Antonio Carreira López, Luis López Sánchez, José Manuel Iglesias Pampin e Daniel Segade Varela), que quedaban eliminados deste proceso de selección, por canto que así se establece na Base Undécima.

Terceiro.- Facer saber aos aspirantes José Ignacio Vázquez Villares e Diego Gómez Naveiras, que si superaron o exercicio de carácter práctico realizado no día de hoxe, que -ao acreditar que estaban en posesión do Celga 2 ou equivalente- estarían exentos de realizar a proba sobre coñecemento do idioma galego; obtendo en dito exercicio a puntuación máxima de 1,25

puntos, cada un deles, por así vir indicado na mesma Base Undécima.

Cuarto.- Convocar aos aspirantes David Seijo Sánchez e José Luis Vázquez Astray que, tamén superaron o exercicio de carácter práctico, pero que non acreditaron estar en posesión do Celga 2 ou equivalente, para que comparezan a realizar o exercicio sobre coñecemento do idioma galego, ás 12.30 horas do día de hoxe.

Facéndose constar que esta posibilidade se lles plantexou a ambos aspirantes ao comezo do exercicio práctico; manifestando que estaban dacordo en realizar a citada proba no día de hoxe, sen que houbera que esperar a que transcurriese o período legal que debe observarse entre cada exercicio.

Quinto.- Concretar que a puntuación final, obtida por cada aspirante neste proceso de selección, virá determinada pola suma das puntuacións alcanzadas no exercicio teórico, no exercicio práctico e no exercicio sobre coñecemento do idioma galego.

O cal se recollerá na acta que se estenda da reunión na que se realice o exercicio de galego polos aspirantes Sr. Seijo Sánchez e Sr. Vázquez Astray; a efectos de poder propoñer ao alcalde a contratación do aspirante que tivera obtido a mair puntuación.

Co cal se dá por rematado o acto, ás 12.20 h. do indicado día; estendéndose a presente acta, para ser asinada polos membros da Comisión Seleccionadora; de todo o cal dou fe.